

## Acta da Comisión de Avaliación CITMAGa-OT-16/2022

A Comisión de Avaliación (CE) para este proceso de contratación queda constituída a data do 28 de xuño de 2022. Os Membros da Comisión Especializada de Selección son:

- Presidenta: Rosa María Crujeiras Casais.
- Secretario: Rubén Gayoso Taboada.
- Vocal: Javier Roca Pardiñas.

A Comisión de Avaliación reúñese o 28 de xuño ás 16:00 h de forma telemática, previa á avaliación das candidaturas recibidas, para establecer os baremos de puntuación dos “méritos e requisitos a valorar” nesta convocatoria de contratación. A distribución de puntos neste apartado establecése da seguinte maneira:

### MÉRITOS E REQUISITOS A VALORAR:

- Formación a valorar (*40 puntos, todas as aportacións deben estar documentadas*).
  - Expediente académico do grao, licenciatura, enxeñería, mestrado. Valorarase grao ou licenciatura relacionadas cos ámbitos de administración e economía (10 puntos, ítem 1).
  - Formación de posgrao ou mestrado en xestión de innovación ou de I+D+i (15 puntos, ítem 2).
  - Formación especializada e acreditada en promoción e xestión de proxectos, de contratos de I+D+i, e de actividades de transferencia e innovación (5 puntos, ítem 3).
  - Formación específica en xestión e promoción de proxectos internacionais (3 puntos, ítem 4).
  - Formación en xestión de patentes, en propiedade intelectual e industrial, ou en vixilancia tecnolóxica (1 punto, ítem 5).
  - Formación específica en conformación e xestión de spin-off universitarias (3 puntos, ítem 6).
  - Coñecementos de inglés (2 puntos, ítem 7).
  - Formación en uso de ferramentas ofimáticas e editores gráficos (1 punto, ítem 8).

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnología Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

**ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación**  
[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357

■ Experiencia xeral a valorar (30 puntos, todas as aportacións deben estar documentadas).

- Experiencia previa contrastada de polo menos dous anos e medio en xestión de transferencia de tecnoloxía e innovación e xestión da I+D+i, relacionada co ámbito das matemáticas (15 puntos, ítem 9).
- Experiencia previa en solicitude, xestión e xustificación de proxectos autonómicos, nacionais e internacionais (2 puntos, ítem 10).
- Experiencia previa en xestión de contratos de transferencia de tecnoloxía, innovación, e valorización dos resultados de investigación relacionada co ámbito das ciencias experimentais ou a enxeñería (2 puntos, ítem 11).
- Experiencia en xestión de patentes, da propiedade intelectual e industrial, ou en vixilancia tecnolóxica (1 punto, ítem 12).
- Experiencia en actividades de difusión e divulgación de transferencia de tecnoloxía relacionada co ámbito das ciencias experimentais ou a enxeñería (1 punto, ítem 13).
- Experiencia na organización de accións para a promoción e valorización dos resultados de investigación relacionados co ámbito das ciencias, ciencias experimentais ou a enxeñería. Valorarase positivamente aquelas desenvolvidas fora de España (2 puntos, ítem 14).
- Experiencia na preparación e redacción de memorias de proxectos de I+D e de transferencia (1 punto, ítem 15).
- Experiencia na preparación e redacción de informes científico-técnicos e económicos (1 punto, ítem 16).
- Experiencia en redacción de propostas para o novo programa marco Horizon Europa (1 punto, ítem 17).
- Experiencia en conformación de consorcios internacionais e negociación de orzamentos (1 punto, ítem 18).
- Experiencia no desenvolvemento de negocio: captación de novas colaboracións para o desenvolvemento de accións de transferencia con distintos sectores industriais, e detección de necesidades nas empresas susceptibles de ser resoltas a través da tecnoloxía que ofrece o Centro (1 punto, ítem 19).
- Experiencia en busca de financiación externa pública e privada (a nivel autonómico, nacional e internacional) para o desenvolvemento de proxectos de I+D+i e proxectos de transferencia (1 punto, ítem 20).
- Experiencia na busca de alianzas con outros axentes do sistema de innovación (1 punto, ítem 21).

Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación  
[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357

A Comisión de Avaliación, establece tamén fazer públicas as valoracións das persoas aspirantes, unha vez realícese a primeira fase de avaliación previa á fase de entrevistas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 16:30 h do martes 28 de xuño de 2022, do que como secretario dou fe, e asino a seguinte acta co visto e prace da Sra. Presidenta.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022.

VºPº.

Asdo.: Profa. Dra. Rosa maría Crujeiras Casais  
Presidenta da CE

Asdo.: Rubén Gayoso Taboada  
Secretario da CE

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnología Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

**ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación**  
[www.itmati.com](http://www.itmati.com)  
Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS, NIF \*\*\*3178\*\*, 28/06/2022 17:32:57.

Asinante/Firmante/Signer: RUBEN ANTONIO GAYOSO TABOADA, NIF \*\*\*6301\*\*, 28/06/2022 16:37:55.

CSV: 9F69-4466-4FC9-93A5